

M.P.V.

El río Miño constituye un intenso caudal literario e artístico. Hai más de cien libros que utilizan este nome como referencia ou inspiración. Van desde Ramón Otero Pedrayo a Camilo José Cela, Manuel María e Xosé Fernández Ferreiro, entre otros. Súmanse a esta fervenza literaria, na *Antoloxía do relato curto actual. Miño*, que acaba de sacar á rúa Ediciones Xerais, nomes como os de Marilar Aleixandre, Ana Alfaya, Fina Casalderrei, Susana Fortes, Antonio García Teijeiro, María Xosé Queizán, Margarita Ledo, Antón Reixa, Manuel Rivas, Helena Villar e Domingo Villar.

A *Antoloxía do relato galego actual. Miño*, coordinada por Amigos do libro galego /Artes e letras, conta cun cincuenta por cento de participación feminina, prólogo de Rexina Vega, epílogo de Antón Riveiro Coello e apéndice de X.M. del Caño.

A profesora da Universidade de Vigo e escritora Rexina Vega lembra que “na anterior entrega deste esforzo de canto colectivo, no volume titulado *Fisterra* (Linte, 2021), Manuel Forcadela advertía a quien se achegase ás súas páxinas sobre a posibilidade de atopar nelas unha xoia, unha peza de ourivería feita por moitas mans da mesma tribo, o testemuño, o síntoma dun espazo e dun tempo determinado, a da Galicia dos que viven arrestada”.

No segundo volume, “*Antoloxía do relato galego actual. Miño*”, marcado polo nome do “río monarca no país dos mil ríos, volve darse a mesma posibilidade de fascinación comunitaria: sermos un en moitas voces que, acompañadas, cantan sobre a enrramada de cinamomo”.

Nin criterios temáticos nin de xénero ou xeración guían a escolha destas páxinas. Nos 38 relatos que componen *Miño*, segundo Vega, “ben pode observarse a enorme diversidade e calidade que caracteriza hoxe a narrativa do noso país. Nunca como agora tantas voces creando tantas liñas de sentido, tantas formas de ordenar o mundo”.


Entre a voz más vella, a de María Xosé Queizán (1939) e a más nova, Lara Dopazo Ruibal (1985) median más de catro décadas.

Entre as singularidades deste volume coral está, sen dúbida, “a prevalencia das voces femininas”. Malia non buscar á mantenta a visibilización da escrita de muller, “calquera antoloxía narrativa que hoxe pretenha dar conta da actualidade literaria galega debe reflectir a chegada clara das voces dessa metade, ata o de agora praticamente silenciosa, do país”.

Na *Antoloxía do relato galego actual. Miño* pódense observar relatos que se configuran baixo unha certa apariencia de autoficción, narrativas de vida, que tenden a ser non cronológicas e progresivas, senón más ben, discontinuas e fragmentarias. Memorias de infancia onde a paisaxe, a natureza e os animais aparecen como membros de pleno dereito nunha comunidade definida pola súa vulnerabilidade e interdependencia.

Un caudal literario en 38 voces

Rivas, Queizán, Teijeiro, Ledo e Villar súmanse á fervenza narrativa de “Miño”



Antonio García Teijeiro. // R.G.



María Xosé Queizán. // Marta G. Brea



Margarita Ledo. // José Lores



Domingo Villar. // Ricardo Grobas

A atención ao mundo dos afectos e os coidados, ao desexo sexual e a vivencia do amor aparece de xeito sobranceiro nas propostas de Fina Casalderrey, Concha Blanco, Celia Díaz, Margarita Ledo, Chelo Suárez ou Bieito Iglesias, autores estes dous últimos que afondan na vulnerabilidade dun home eivado e, xa que logo, lonxe do padrón normativo.

Bebendo da mesma idea de fraxilidade e empatía “sítúanse os catro relatos que teñen como tema a barbarie da guerra e a represión fascista e que amosan claramente a necesidade de seguir pescudando na memoria dunha ferida que áinda nos interpela, unha ferida, malia as apariencias e a simplificación mediática, áinda non ben contada”. Velaí as historias que nos traen Lois Diéguez, Antonio García Teijeiro, Manuel Rivas ou Manuel Forcadela, que significativamente, “pon o foco na represión exercida nas mulleres”.

Hai tamén outras páxinas marcadas pola reescritura paródica, como a do relato de Xabier López, con Castelao ao fondo e outras que buscan pescudar na historia cultural re-

cente, como a imaxinada por Ramón Nicolás na emigración neoiorkina.

Mariña Pérez e Helena Villar proponen xiros sorprendentes de guión mesturando realidade e representación nunha sorte de ejercicio interdisciplinario que recorre no primeiro caso á pintura e no segundo á música. Mercedes Leobalde achega o único relato de ciencia ficción e Antón Reixa realiza unha composición que reflicte as luzadas a dureza do presente, tratando o tema da Pandemia desde un multiperspectivismo que ten moito de poemático e teatral.

Pecha este volume tan caudaloso a historia dun neno delfín que desaparece nadando no mar aberto. Trátase da última publicación do noso admirado e chorado Domingo Villar que así se despide de nós, con este emocionante adeus acuático que a ben seguro deixará un ronel indeleble a quien se achegue a escoitar este canto coral, esta comunidade de reiseñores que, desde a enrramada de cinamomo lembran que somos parte da mesma lingua, da mesma casa, da mesma ferida.

El universo en un bit

José Enrique Campillo

Arpa. 240 páginas




La física de la información es una de las hipótesis más atractivas y especulativas de la ciencia actual. Postula que la sustancia primordial del universo –la que da forma a todo lo que somos y sabemos y se manifiesta a través de la energía, la materia, el espacio y el tiempo– es información codificada. Bits. ¿Es posible que todo lo que nos rodea no sea más que las manifestaciones de un infinito compendio de ceros y unos? José Enrique Campillo presenta y desarrolla, para todos los públicos, los argumentos que probarían que la información es el origen y el manual de instrucciones de todos los elementos que conforman la realidad, la vida y la conciencia.

El último verdugo

Toni Hill

Grijalbo. 504 páginas



Un asesino en serie está ajusticiando a sus víctimas con un garrote vil, el mismo instrumento usado por los verdugos siglos atrás. ¿Por qué recurre a un método tan macabro? ¿Qué tienen en común los muertos? ¿Y por qué en lugares especiales de Barcelona? Cuando la doctora Lena Mayoral, una prestigiosa criminalista con un pasado turbulento, recibe el encargo urgente de bucear en la mente del psicópata, no puede imaginar hasta qué punto se complicará la investigación ni los peligros que a los que tendrá que enfrentarse. Bajo una creciente presión mediática, Lena se irá obsesionando con el asesino.

Leyendas

Stefan Zweig

Arpa. 224 páginas



La “leyenda” fue un género literario muy querido por los grandes escritores alemanes, como Goethe, Heine, Hofmannsthal o el propio Zweig, que expresó a través de estos cinco textos sentimientos y estados de ánimo procedentes de las mayores encrucijadas y crisis de su vida, así como sus más íntimas preocupaciones y obsesiones. Las cinco de este libro fueron escritas en diferentes etapas de la vida del autor: entre la Primera Guerra Mundial y sus años de exilio junto a su esposa. En todas, Zweig recrea con maestría el estilo literario de la tradición cultural originaria y permiten penetrar en los entresijos de su personalidad.

LOS MÁS VENDIDOS

FICCIÓN

1. *Atlas: la historia de Pa Salt*. Lucinda Riley. (P&J).

2. *El ángel de la ciudad*. Eva G.S. de Urturi (Planeta).

3. *Cómo (no) escribí...* Elisabet Benavent (Suma).

4. *Púa*. Lorenzo Silva (Destino).

5. *El legado de la niña de la sal*. E. Gallego (La Esfera de los Libros).

NO FICCIÓN

1. *El sutil arte de que...* Mark Manson (Roca).

2. *Hábitos atómicos*. James Clear (Planeta).

3. *Cómo hacer que te pasen...* Marian Rojas (Espasa).

4. *El chico de las musarañas*. Aless Lequio (H. Collins).

5. *Una historia compartida*. Julia Navarro (P&J).

EN GALEGO

1. *Pequena historia de Vigo*. Pedro Feijoo (Embora).

2. *Galicia*. Francisco Fdez. del Riego (Xerais).

3. *Camiñar o Vigo vello*. Pedro Feijoo (Xerais).

4. *Golpes de luz*. L. Costas (Xerais).

5. *Un feitizo de familia*. Valeria Mederer - Tania Ávila (Serendia).